

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 12/02/2020 14:53:39

SAIDA 2011/20



Don Manuel Nogueira Pérez

Expediente: N.9.Q/ [REDACTED]

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2020

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

No seu escrito pon de manifesto a súa disconformidade coas instalacións e medidas de seguridade do novo parque infantil da Alameda do Carballiño, solicitando expresamente no seu escrito que:

"1.-Se proceda a solicitar ao Concello de O Carballiño os expedientes e proxectos de obra de ditos parques infantís para auditar os mesmos e saber si cumpren coa normativa vixente en medidas de seguridade.

2.-Se lle pida ao Concello de O Carballiño de ser o caso, cumpra coas medidas de seguridade pertinentes en ditos parques infantís e faga as cometidas precisas en ditos parques para que non presenten ningún potencial perigo para as nenas e nenos.

3. Este organismo tome as medidas sancionadoras e disciplinarias precisas ou dea traslado de esta situación ás administracións competentes para que se tomen ditas medidas en contra do Concello de O Carballiño e do seu grupo de goberno, pois estase pondo en perigo a integridade física e en risco á vida das nenas e nenos que desfrutan de estes parques infantís".

Unha vez estudada a súa queixa, debemos ter en conta o seguinte:

1º.- Respecto da primeira cuestión plantexada, debemos informarlle que esta institución do Valedor do Pobo, de acordo co artigo 1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, que a regula, poderá supervisar a actividade da Administración da Comunidade Autónoma galega e a dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da nosa Comunidade co fin de garantir os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución e os dereitos individuais e colectivos sancionados, en especial no título preliminar do Estatuto de Autonomía.

No suposto que vostede nos traslada, ao parecer aínda non promoveu a actuación da administración competente, neste caso ante o Concello do Carballiño, a través da correspondente reclamación ou denuncia, pois a "*petición de mellora nas medidas de seguridade*" do referido parque, de data 18 de novembro de 2019, que vostede achega, presentado por "Círculo de Podemos" no Carballiño, se refire á solicitude para que dende o grupo do goberno municipal se poñan as medidas de seguridade e de protección pertinentes para que dito parque infantil cumpra coas esixencias da lexislación vixente recollida nas normativas UNE-EN 1176 e UNE-EN 1177 e no Decreto 245/2003. do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, mentras que no escrito de queixa presentado por vostede, solicita que se proceda a solicitar ao Concello de O Carballiño os expedientes e proxectos de obra de ditos parques infantís para auditar os mesmos e saber si cumpren coa normativa vixente en medidas de seguridade.

Por este motivo, o que agora parece máis conveniente é que, pola súa parte, se promova a devandita reclamación, e se nun tempo prudencial a administración afectada non lle respondera, ou se a resposta non fora axeitada, segundo o seu criterio, entón podería acudir novamente a esta Institución, se é o seu desexo, dándonos conta das circunstancias do acontecido que coñeza.

2º.- Respecto da terceira cuestión plantexada no seu escrito de queixa, debemos lembrarlle que esta institución non ten competencias executivas e non pode impartir ordes, revocar actos administrativos, exercitar facultades revisorias de actos firmes nin impoñer sancións ás autoridades.

Ao abeiro da lei reguladora desta institución, só pode, cando así fose procedente, formular á autoridade ou funcionarios da administración advertencias, recordatorios dos seus deberes legais, recomendacións ou suxestións para a adopción de determinadas medidas.

3º.- Respecto da segunda das cuestións plantexadas, damos por admitida a queixa ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante o Concello do Carballiño. En concreto requirímoslle que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre os problemas que motivan a súa queixa en relación ao cumprimento das medidas de seguridade nos referidos parques infantís.


Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Informámolo tamén de que o Valedor do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolle a confianza que nos demostra, e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo



Valedor
doPobo